

Paseo Literario ...

PARADA 2: CAFETERÍA VITRUVIA (Cafetería Alameda)

A antiga Cafetería Alameda, situada na Praza de Compostela, era o lugar escollido habitualmente por Carlos Casares para reunirse con amigos e colaboradores para tomar o café do mediodía. As súas historias, as súas ocorrencias e as súas teimas, foron as protagonistas de moitos faladoiros arredor destas mesas.

Carlos Casares dicía que se el tivese que tomar unha decisión, *pasaría boa parte da vida de tertulia cos amigos*.



SENTIR ENVEXA

O sábado estiven con outros amigos en Xanceda, na casa de Felipe Fernández Armesto, onde despois de xantar, comodamente instalados no salón, fixemos unha longa tertulia que durou case ata o solpor. Os temas, como sucede sempre neste tipo de reunións informais, foron moitos, entroncados uns noutros de maneira espontánea, deixándonos arrastrar pola enxurrada fluvial da conversa, que ao final chegou a ser como un río cheo de derivacións e meandros. Unha delicia. A experiencia vital do anfitrión dá para moitas horas de lecer.

Desde rapaz tiven a sorte de vivir rodeado de homes e mulleres que sabían contar historias, e resultou tan atractiva para min esta condición, que os meus mellores amigos foron sempre xente de máis idade, que é a que conta mellor. De aí que me encante facer tertulia con persoas que teñan vivido moito e que saiban narrar con arte o que viviron. Un pracer semellante ao da lectura. Así foi a tarde do sábado. [...]

Á marxe, 14 de Xuño de 1993

Carlos Casares